

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 17 DE FEBREIRO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dezasete de febreiro de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as doce horas quince

minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 13 de febreiro de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2026

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da convocatoria de subvencións realizada pola Deputación Provincial dirixidas aos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra para o fomento da

igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2026 (BOP núm. 11, do 19/01/26) e a conveniencia de solicitar dita axuda para o financiamento de dous bloques de accións: un campamento de verán denominado “*Rodeiro de Aventura*”, a desenvolver no período de vacacións escolares de verán, entre os meses de xullo e agosto, en horario vespertino; e a difusión e formación do IV Plan para a igualdade do Concello de Rodeiro.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a solicitude de subvención para o proxecto denominado “*EQUAL-CAMBA 2026*”, cun orzamento total por importe de DOCE MIL CENTO NOVENTA E DOUS EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (12.192,30 €), IVE incluído.

Segundo.- Solicitar á Deputación Provincial a cantidade de SEIS MIL EUROS (6.000,00 €) para a realización das actividades incluídas no proxecto.

Terceiro.- Asumir o compromiso de financiar o importe dos custos necesarios para completar o orzamento previsto para a realización da actividade.

Cuarto.- Aceptar integramente as bases reguladoras e asumir os compromisos que nelas se establecen.

Quinto.- Facultar ao Sr. alcalde, para que na representación do Concello, solicite a subvención e asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade do acordado.

3.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAS PARA O PROGRAMA “CULTURA NO CAMIÑO 2026”

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da Resolución do 9 de decembro de 2025 da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o programa Cultura no Camiño, para o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade

Autónoma de Galicia polos que discorren os diferentes Camiños de Santiago, e se convocan para o ano 2026 (DOG núm. 27, do 10/02/26), e a conveniencia de solicitar dita axuda para financiar a contratación de actuacións que contribúan á promoción das artes escénicas e musicais (teatro, música, danza, novo circo ou maxia) a desenvolver entre os días 15 de xuño e 31 de agosto de 2026. Agadic financia o 50 % do caché de cada actividade programada (mínimo de dúas), por importe mínimo de 5.000,00 €, IVE incluído, e sen que a subvención total supere a cantidade máxima de 2.500,00 €.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) unha subvención económica por importe de DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS (2.500,00 €), para a contratación de actuacións dentro do programa “*Cultura no Camiño 2026*”.

Segundo.- Comprometerse, no suposto de ser beneficiarios da axuda solicitada, a financiar o importe ou parte non subvencionable obxecto das actividades ata o importe total de execución.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade do presente acordo.

4.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA EN SITUACIÓN DE BAIXA LABORAL POR INCAPACIDADE TEMPORAL (IT)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Isabel Varela Vázquez, traballadora laboral fixa do Concello na praza de auxiliar de axuda no fogar, causou baixa laboral por incapacidade temporal (IT), derivada de enfermidade común. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urgente dun/dunha novo/a traballador/a que preste os devanditos servizos durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2025, prorrogado a esta data para o ano 2026, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debера ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde en funcións manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e a proposta da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por substitución, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ ESMILCE CAROLINA FERNÁNDEZ MORA, con DNI núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), en substitución de Isabel Varela Vázquez.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

5.- DACIÓN DE CONTA DOS PREMIOS OUTORGADOS NO CONCURSO DE CARROZAS, COMPARSAS E DISFRACES DO ENTROIDO 2026

De conformidade co establecido por este órgano, en acordo adoptado na sesión celebrada o pasado día 15 de febreiro do corrente, infórmase aos/ás Sres./as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local que o xurado popular, integrado por Dona Shaila Areán Vázquez, Dona Ana Belén Albor García e Don Marcos Fernández Blanco, reunido o pasado día 15 de febreiro de 2026, acordou conceder os seguintes premios:

CATEGORÍA DE CARROZAS OU COMPARSAS

PREMIO	DENOMINACIÓN	TITULAR/REPRESENTANTE	IMPORTE
Primeiro	O CARNAVAL DE BARRANQUILLA	Dioselina Quiroga Rozo	500,00 €
Segundo	TÓMBOLA TOTAL	María Patao Fernández	400,00 €
Terceiro	COCHES LOCOS	Mª Concepción Sánchez Taboada	300,00 €
Cuarto	OS PICAPEDRA	Iván Fernández Diéguez	200,00 €
Axuda	BARRIO SÉSAMO	Mónica López Delcy	150,00 €
Axuda	PICO FINO	Elena Fernández Fernández	150,00 €

CATEGORÍA DE GRUPOS ADULTOS

PREMIO	DENOMINACIÓN	TITULAR/REPRESENTANTE	IMPORTE
Primeiro	AS GALIÑAS CAMBOTAS EN CUARENTENA	José Jorge Diéguez	200,00 €
Segundo	AS VELLAS DO CURLING	Álvaro Sánchez Sobrado	150,00 €
Terceiro	RODEIRO POLAR EXPERIENCE	Irma López Losada	100,00 €

CATEGORÍA DE GRUPOS INFANTÍS

PREMIO	DENOMINACIÓN	TITULAR/REPRESENTANTE	IMPORTE
Primeiro	FURBIES	Alberto Fernández González	200,00 €
Segundo	MONTAÑA RUSA DE CAMBA	Mª Concepción Sánchez Taboada	150,00 €
Terceiro	BORRASCA CAMBOTA	José Julio Hermida Diéguez	100,00 €

CATEGORÍA DE INDIVIDUAIS/PARELLA ADULTOS

PREMIO	DENOMINACIÓN	TITULAR/REPRESENTANTE	IMPORTE
Primeiro	TROLLS CAMBOTES	Iván Varela Durán	100,00 €
Segundo	AS FLORES XORNALISTAS	Mª del Mar Cambeiro Areán	75,00 €
Terceiro	ESPINETE	Verónica Mª García Nistal	50,00 €

CATEGORÍA DE INDIVIDUAIS/PARELLA INFANTÍS

PREMIO	DENOMINACIÓN	TITULAR/REPRESENTANTE	IMPORTE
Primeiro	A DIVA DE ESPAÑA	Pablo Rodríguez Mejuto	100,00 €
Segundo	A RAIÑA DO BALLET	Eva Areán Diéguez	75,00 €
Terceiro	BAD BUNNY	Álvaro Sánchez Sobrado	50,00 €

6.- APROBACIÓN DA CONTA DE GASTOS A XUSTIFICAR DO ENTROIDO 2026

Por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes apróbase a conta de gastos a xustificar presentada pola concelleira-delegada de Cultura Dona Xulia Dacal Juiz, correspondentes ao Entroido 2026, celebrado o pasado día 15 de febreiro do corrente, co resume de gastos que deseguido se sinala:

Cantidade disposta a xustificar	3.500,00 €
Premios en metálico entregados	3.050,00 €
Cantidade xustificada	3.050,00 €
Sobrante (ingresado en data 17/02/26)	450,00 €

7.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- FARO DE VIGO S.A.U. 440,00 €

Por subscrición anual ao diario, s/factura núm. @2026/0000032 (FACe).

- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 12.485,95 €
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de xaneiro de 2026, s/recibos.
- NATURGY CLIENTES S.A.U. 4.563,68 €
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de xaneiro de 2026, s/recibos.
- GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A. 683,45 €
Por consumos eléctricos do alumado e bombeo do S.UR.ND.I-1, s/recibos.
- LIMPIEZAS CARMENVASA S.L. 1.383,03 €
Por servizo de limpeza de edificios e instalacións municipais durante permisos laborais do persoal municipal, s/factura núm. 26/02 (FACe).
- O RODO, S. COOP. GALEGA 58,17 €
Por subministro de combustible ao vehículo da AVPC no mes de xaneiro de 2026, s/factura núm. FA – 3.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 74,07 €
Por subministro de combustible a vehículo da brigada municipal de obras no mes de xaneiro de 2026, s/factura núm. FA – 5.
- RODOIL S.L. 99,50 €, 173,42 €, 146,71 € E 77,80 €
Por subministro de combustible a vehículos da brigada municipal de obras no mes de xaneiro de 2026, s/facturas núm. 2026/26/000005, 2026/26/000008, 2026/26/000009 e 2026/26/000010.
- PABLO GARCÍA PAIS 685,82 €
Por traballos de reparación de diversa maquinaria municipal, s/factura núm. S-202500005.

- O RODO, S. COOP. GALEGA 31,67 € E 987,34 €
Por traballos de reparación e mantemento de vehículos e maquinaria municipal, s/facturas núm. T/2.026/127 e T/2.026/128.
- RODOIL S.L. 4,01 €, 40,01 € E 3,00 €
Por lavados dos camiões de recollida do lixo e subministro de combustible á máquina varredora no mes de xaneiro de 2026, s/facturas núm. 2026/26/000004, 2026/26/000006 e 2026/26/000007.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 1.111,61 €
Por subministro de combustible aos camiões de recollida do lixo no mes de xaneiro de 2026, s/factura núm. FA – 2.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 73,37 €
Por traballos de reparación e mantemento do camión de recollida do lixo, s/factura núm. T/2.026/129.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 119,57 €
Por subministro de combustible para o canón de calefacción na cabalgata dos Reis Magos, s/factura núm. FA – 4.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as trece horas cincuenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)